

AI, QUE MEDO!

Farruquiña era unha meiga do montón, nin moi lista, nin moi parva. Igual que moitos nenos, vivía cos seus pais. E o mesmo que outros moitos, non tiñan irmáns.

- Que leria! - pensaba Farruquiña, pois moitas veces non tiña con quen xogar.
- Cando vaias á escola, terás moitos amigos - tranquilizábaa súa nai.
- E cando vou ir? - preguntaba ela, impaciente.
- Cando teñas seis anos.



Durante o inverno fixo seis anos. Pero aínda tivo que agardar a que pasase o verán. Daquela, si. Xa podía ir á escola! Farruquiña estaba tan nerviosa, que ata lle tremía o nariz. E non era para menos. Por fin ía deixar de xogar soa!

Súa nai púxolle nunha mochila lapis, cadernos e un bocadillo para o recreo. Farruquiña aproveitou para gardar nos petos bólas, unha buxaina, a corda de saltar e ... marchou moi leda cara a escola!

Foi ela soa, montada na súa vasoira. Aínda que o que quería era chegar canto antes, non voou moi rápido. Tiña medo de que o vento lle levase o seu enorme sombreiro. Tampouco quería despeitear a súa tesa melena, nin manchar a súa negra vestimenta. Quería ter un aspecto impecable no seu primeiro día de clase.

Cando por fin viu a escola, o corazón latexoulle con máis forza. E sen poder aguantar por máis tempo, dirixiuse veloz cara o patio. No patio había unha chea de rapaces. Cando a viron aparecer, armouse un gran rebumbio.

- Mirade! É unha meiga! - dixo un, berrando.
- E máis si! - exclamou outro.
- Que medo! As meigas son moi malas ... - comentou un terceiro, moi asustado.

E antes de que fose demasiado tarde, botaron todos a correr.

Cando Farruquiña puxo un pé na terra, por alí non se vía a ninguén. "Están xogando ás agachadas!", pensou a meiguiña, e os ollos brilláronlle de alegría. Como aquel era un dos seus xogos preferidos, ao momento púxose a buscalos.

Ricardo Alcántara

1. Completa o cadro co que nos di a lectura sobre Farruquiña:

Quen é?	Como é?	Con quen vivía	Que quería?

Quería ir á
escola.

É unha meiga.

Era do montón
nin moi lista,
nin moi parva.

Vivía cos seus
pais.

2. Que quere dicir Farruquiña cando utiliza a palabra leria?

Que mágoa !

Que ben!

Que sorte!

3.

Tremer: Axitarse con movementos rápidos e repetidos por algún motivo.



Que parte do corpo lle tremía a Farruquiña?

Tremíalle o .



Por que tremía Farruquiña?

Porque estaba moi .

4. Ordena a historia

- | | | | |
|----|---|---|--|
| 1º | ● | ● | No patio había unha chea de rapaces. |
| 2º | ● | ● | Ao ver a Farruquiña os rapaces botaron a correr. |
| 3º | ● | ● | Despois do verán Farruquiña puido ir á escola. |